

### **Veciñanza esíxelle ao Goberno Local o coidado do entorno do río Gallo ao seu paso polo centro da vila.**

*O arranxo da ponte de madeira sobre o Gallo, o estado de descoido da marxe esquerda do paseo do Castro, a organización das festas patronais e o uso de glifosato en Cuntis foron os asuntos polos que Veciñanza se interesou na quenda de rogos e preguntas do pleno do pasado 31 de maio.*

Cuntis, 13 de xuño de 2018. Logo de conseguir aprobar a moción para que se retome o proxecto de construción dunha escola infantil pública en Cuntis, Veciñanza trasladou na quenda de rogos e preguntas varias cuestións que suscitaron controversia veciñal nas últimas semanas. Saleta Fernández, concelleira de Veciñanza, expuxo durante a sesión ordinaria do Pleno do pasado 31 de maio **a necesidade que o Goberno Local se ocupe do coidado das marxes do río Gallo ao seu paso polo centro da vila**. Centrou a súa intervención en dous aspectos que veñen motivando as queixas veciñais que Veciñanza expuxo no pleno. Dunha banda **o mal estado da marxe esquerda do paseo do Castro**. Se ben a outra beira si conta cunha conservación mínima, a marxe esquerda do río atópase pouco menos que abandonada. Coa herba sen cortar, sen papeleiras, sen o trazado marcado ou mesmo con árbores esgazadas, que dan unha imaxe dun entorno tan apreciado que cómpre coidar.

Na mesma liña, **a ponte de madeira que se atopa xa no centro da vila e que atravesa o río Gallo** leva meses precintada e co acceso prohibido sen que nin veciños/as nin visitantes poidan facer uso dela. Veciñanza vénlle esixindo ao Grupo de Goberno que se esforce con manter en perfecto estado o aspecto do casco urbano no seu conxunto para o aproveitamento de todo o seu potencial turístico. Se o/a visitante atopa sendeiros descoidados ou pontes deterioradas e inaccesibles durante meses a súa experiencia non será positiva para a nosa vila.

O coidado de cada detalle é algo no que Veciñanza incide habitualmente cando se fala da promoción da nosa vila. **As precarias tentativas que neste sentido se levan a cabo non serán eficaces se o/a visitante non pode gozar en todo o seu esplendor dos atractivos que ofrece Cuntis.**

Ademais das dúas cuestións anteriores, Veciñanza preguntoulle ao Alcalde por que o Concello segue usando o **glifosato** despois de terse aprobado unha moción que prohíbe o seu uso hai xa máis de dous anos. Ante a incredulidade dos/das presentes, o Alcalde afirmou que **malia ter votado contra o uso deste perigoso compoñente dalgúns herbicidas, 'seguirase usando'**. Veciñanza lamenta tanto a incoherencia política do Alcalde como a nula sensibilidade ambiental que demostra neste sentido.

Xa para rematar, a concelleira de Veciñanza Saleta Fernández interesouse pola **organización das festas patronais** deste ano, algo que está a suscitar comentarios entre os veciños e veciñas de Cuntis. O Alcalde limitouse a respostar que será o Concello quen asuma a súa organización.

